

Seica na Coruña

XESÚS CARBALLIDO





CONCELLO DA CORUÑA

Alcaldesa da Coruña
Inés Rey García

Concelleiro de Cultura e Turismo
Gonzalo Henrique Castro Prado

Director da Área de Cultura
Uxío Novo Rey

Xefa de Servizo de Cultura
e Memoria Histórica
Susana Martínez Portabales

Directora de Exposicións
e Coleccións
Ana Martínez Arenaz

Kiosco Alfonso
María Corredoira Jack

EXPOSICIÓN

Comisaria
Marta Lucio Gómez

Montaxe
Savisu Soluciones

Deseño e maquetación
Xosé Salgado

Impresión dixital
Ideño

Transporte
ÁTICA Xestión Cultural S.L.

Seguro
Hiscox
Liberty

CATÁLOGO

Textos
Inés Rey García
Marta Lucio Gómez
Felipe Senén López Gómez

Deseño e maquetación
Xosé Salgado

Fotografía
J. Ángel Acuña Farto

Revisión do galego
Servizo de Normalización
Lingüística do
Concello da Coruña

Imprime
Lugami

Depósito Legal
C 1519-2025

AGRADECEMENTOS

- Afundación
- Fundación do Sector Público
Autonómico Museo do Mar
de Galicia

Seica na Coruña

XESÚS CARBALLIDO

Palacio Municipal de Exposicións
KIOSCO ALFONSO

8 de outubro - 23 de novembro

2025



Concello da Coruña



ÍNDICE

- 7** **Texto alcaldesa**
Inés Rey
Alcaldesa da Coruña
- 9** ***Seica na Coruña***
Marta Lucio Gómez
Comisaria da exposición
- 10** ***Xesús Carballido.***
Esoutra arte ou poética de argallar, pegar ou coser memoria
Felipe Senén
- 16** **CATÁLOGO**
- 111** **Textos en castelán**



Limiar

Inés Rey

Alcaldesa da Coruña

Desde o Concello da Coruña saudamos con orgullo o percorrido da exposición *Seica na Coruña*, de Xesús Carballido, coa publicación deste catálogo que a acompaña, no Quiosco Alfonso, espazo primeiro para a arte na nosa cidade.

Xesús Carballido amosa ben a súa tradición e o seu camiño dende ela cara á contemporaneidade, seguindo a estela de Díaz Pardo. Herdeiro dunha tradición artesanal e simbólica capital, a do interior galego, comparte co grandísimo escultor da súa terra, Arturo Baltar, e cos artistas da súa veciña Portugal pola *raia seca*, a capacidade de facer alfaías no tamaño xusto para poder facelas innúmeras, de transformar o que cabe nunha man en universal. Sabedor de que nas cousas do tamaño xusto agroma a grande beleza, foxe do exceso e do ruído tan contaxiados pola arte contemporánea, consciente de que a verdade estética non precisa da escala monumental.

Se lemos a británica Susan Stewart no seu clásico *On Longing*, “o miniaturista sente un pracer particular: o de facerse íntimo e poderoso á pequena escala”. Mais Carballido encarna esa sabedoría da medida, da precisión e da memoria coa profusión na integración delas. O seu traballo —feito de obxectos, fragmentos, etiquetas, ferros, conchas, tipografías antigas e achados humildes— é un exercicio de arqueoloxía poética. Cada peza é unha historia rescatada, un diálogo entre o tempo e a man, entre o que desaparece e o que persiste.

Os espazos expositivos contemporáneos non han ser só vitrinas, senón plataformas de reflexión crítica e de

proceso compartido. O noso Quiosco Alfonso, primeiro entre primeiros por historia e traxectoria, confirma esa visión: as audiencias non son pasivas, senón parte do discurso, cómplices da mirada, e como nos lembran os traballadores do noso espazo expositivo, co gallo desta exposición da súa obra, o público demórase longamente ante cada unha das colaxes de obxectos, escudriñando a súa materia e a súa emoción. “O artista auténtico é aquel que leva dentro a memoria profunda do seu pobo, o selo do común”, dicía o poeta. Esa idea latexa tamén en *Seica*: a arte como herdo e revelación, como forma de recoñecermonos no que fomos e no que seguimos sendo.

Seica —esa palabra tan nosa, que contén dúbida, lembranza e posibilidade— convídanos a esculcar o íntimo, o fragmentario, o misterioso. A exposición ofrece unha experiencia de contemplación activa, de descubrimento e recoñecemento, onde a materia se converte en pensamento e a arte devólvelle humanidade ao obxecto.

Que este *Seica* sexa un convite a mirar de novo, a redescubrir a beleza do mínimo e a emoción da materia. Porque nas mans de Xesús Carballido, o concreto convértese en esencial e o esencial en eterno.

A Coruña reafirmará así a súa vontade de ser tamén primeiro lugar de encontro, creación e pensamento: a cidade atlántica, aberta á arte e á contemporaneidade, na eterna busca e asunción de ser a capital cultural da Galicia do futuro, da que esta mostra é testemuña da vontade e símbolo.



Seica na Coruña

Marta Lucio Gómez

Comisaria da exposición

Seica, como sempre nomea Carballido as súas mostras, está conformada por case un cento de pezas, na súa maior parte colaxes, a especialidade do autor, pero tamén hai ensamblaxes e outros obxectos.

Nesta, coma noutras exposicións individuais e colectivas do autor, apréciase o seu gusto polo emprego de pequenos obxectos para crear a súa obra, desde tipos de imprenta até ferro forxado ou cunchas, sen esquecer etiquetas de produtos comerciais, entre outros aparellos. No seu proceso creativo colle de moitos lados, de diferentes técnicas, de cousas que atopa, dun libro que cae nas súas mans... Unha vez descuberto o punto de partida dunha obra, o artista entra na colaxe cunha idea, pero logo evoluciona cara a outros mundos, cara ao que a propia obra lle vai pedindo.

Nese sentido, o artista traballa cunha linguaxe profundamente persoal, recuperando obxectos da vida cotiá para integralos e compoñer dunha forma equilibrada unha nova obra de arte. Trátase de obxectos que deixaron de empregarse, que xa non teñen utilidade, e que adquiren de novo vida propia dentro da peza, evocando recordos e ideas.

A mostra componse dun centenar de obras do artista, entre as que se atopan series de temática variada. Pretende con ela facer unha escolma da súa traxectoria artística e persoal. Son froito de toda unha vida dedicada ás artes e pola que pasaron centos, miles de obxectos e documentos nos que viu un “algo”, unha “parte”, substancia para conformar ou crear unha obra de arte. Son o reflexo dunha sensibilidade, dunha perspectiva única, dun artista único e distinto.

Xesús Carballido. Esoutra arte ou poética de argallar, pegar ou coser memoria

Felipe Senén

A Arte nunca morre, morren os artistas. A capacidade creadora do ser humano non ten fronteiras, re-crea ou rompe sobre pasados. Quizais por aquilo de que quen cree, crea, fai e desfai, abre e pecha camiños. E en todo ese facer, xogo – e aínda internándose no labirinto barroco de Galiza – hai un pouso, unha semente ou unha raiceira de orixes, precisamente onde radica a orixinalidade que distingue a este noso Cabodomundo entre tanto campante medrar de uniformidade global.

Non cavilemos en que soamente hai unha idea de Arte, pois o concepto devala e teorízase co tempo: dende aquela idea clásica de que a arte é harmonía, relación de cada parte coa inmediata e todo co conxunto... arte do canón, da relación co contexto, fronte a aqueloutra teoría dos creadores ou provocadores dadás dos entoleirados anos 20, cando conflúen tantos ismos e chantan que “a arte é mercancía de droguería para os burgueses...”

Como base para o que nos trae aquí, diremos que entre aqueles rompedores e provocadores principios dadaístas acáennos figuras como Marcel Duchamp, Man Ray, Joseph Beuys do movemento Fluxus, creadores de formas caracterizados por

descontextualizar, reutilizar obxectos ou papeis para conxuntalos nun xeito de novo diálogo, na colaxe. Velaí como resultado a sintaxe poética de mensaxes de Kurt Schwitters, acudindo a desperdicios industriais, cuestionando e fendendo coas vellas ópticas de crear, enxergar e sentir a Arte. Creadores que cuestionan o valor estético e comercial da Arte baseada nunha idea coutada de beleza, e farano con singulares montaxes, con pequenas ou mesmo grandes instalacións un intervencións entre o “*objet trouvé*” e o “*ready-made*”.

Cómpre quitar, pois, as orelleiras, esquecerse das habilidades artesanais, das técnicas para o debuxo, da escultura, do aprendido nas academias, de todo canto valeu e segue a valer... hai outros camiños. Cómpre, pois, coñecer e enxergar outras teorías e pórse a valorar a mesma acción creadora, a singularidade, o don do espírito ou poética, a aura que envolve o feito, as mensaxes do corazón que a razón non entende, a incidencia no devalar no espazo e no tempo.

Pois con eses principios, enxergamos – que é poñer os cinco sentidos, mais a intuición e o que imos sabendo para relativizar e concluír – arredor da creación do carballiñés Xesús Carballido, da súa traxectoria, e facémolo en base a aquel tan gastado principio, tan cristián como marxista, de que polas obras o coñeceremos. Obra a súa que é conxunción de anacos de arqueoloxías, de artefactos de anticuario, do universo do papel, de escripofilia, vitolfilia, filatelia... para as súas composicións camp, recreando sobre pasados para futuros, como ensarillando versos para un poema

que nos permite chegar ao espírito do seu produtor, do seu tempo e da súa sociedade.

Xesús Carballido Cibeira nace cando The Beatles e Rolling Stones seguen a romper vellos criterios musicais e da moda, cando o cine está na súa apoteose, cando Picasso e os ismos se disparan e poñen a proba a liberdade creadora do ser humano e nun Carballiño en obras, entre pasados rurais e porvires urbanos. Vila aquela que recende a chocolate e a rosquilla, onde o reloxo da praza, as campás das igrexas ou o reloxo do cuco do balneario marcan as horas. En España son aqueles os anos do medo, da censura, do nacional catolicismo, os da ditadura franquista, os de *El Florido pensil*, da *Gran Enciclopedia Ilustrada Álvarez*, de catecismos, os de misas e rosarios da aurora e dun boliño de pan quente cunha onza de chocolate... de barcos que dende Vigo ou da Coruña carrexan xente para as Américas ou dende as entón flamantes estacións se enchen trens cargados de mocidade e humildes maletas de cartón para o centro de Europa. Cando tamén no Carballiño da rúa Maior á que abren portas ferraxerías, mercerías, boticas, librerías e se argallan feiras que aguilloan os sentidos, había bos colexios: o Grupo Escolar, as Sollas, o Campos, o feminino das Franciscanas, estando en expansión o Corral, co imperial nome de Ysabel la Católica. Colexio este con logo creado por meu pai, Felipe-Luis, que ademais alí foi profesor de debuxo e entre tantos e varios creadores de hoxe tivo como alumno a Xesús Carballido: letras con Y uncial e coroada de Isabel e S como banda de Non Plus Ultra cruzada. Vida, acontecer, acenos, obxectos, formas que

deixan pegadas, arqueoloxías que serán recollidas, artelladas e tratadas como versos soltos... para que as persoas espectadoras as enxerguen.

Enxergar arredor dun mostrador e resucitar memoria

Xesús Carballido sabe, coma moitos do Carballiño sabemos, o que é aprender tanto nun pupitre como detrás dun mostrador, do esforzo para pagar os estudos, as letras, para vivir... El é da froitoría da Elisita Cibeira, palabras maiores, aberta a esa Rúa maior, a carón do ir e vir ao Café Sobrino, ben organizado o espazo aquel, entre caixas de vermellas e douradas mazás, de pavías, de acios de uvas e plátanos... Mostrador presidido pola báscula Berkel, símbolo tamén de legalidade, entre tarros de vidro para caramelos de todas as cores e sabores, andeis con botellas de Licor 43, quina Santa Catalina e caixas de galletas... arrecendo a canela... Espazo ademais cun recuncho aproveitando o negocio, para unha mesa, unha banquetta e unha muller ante unha sinxela máquina co seu *trqtriqtriqtriq* colléndolles os puntos ás medias das señoras... Velaí, pois, un universo inspirador para quen ten e usa os sentidos. Sempre hai por algures unha arpa esquecida que espera polo arpista que saiba tocala e emocionar. E os Carballido Cibeira tiñana ben á man, na casa e na Vilaviva.

E non queda a cousa na banda da nai, tamén a alongamos á parte do pai: Amancio Carballido, apelido esencial ao Carballiño da ansia e do traballo, señores de serradoiro, de bigotudo avó, patriarca, con fábrica de madeiras, veciña entón das oficinas

de Correos e de Calviño, este con cheiro a lacre... a carón da nave de carrocerías Piñeiro, un universo... a serradoiro aquel dos Carballido no que nos seus arredores e cada día se erguían ao ceo efémeras e ben tramadas torres de táboas de madeira, as que mesmo competían coas alturas dunha inmediata Veracruz, entón en obras. Era aquel o mundo dos barrotes, das limaduras de madeira e do tan solidificado “serrín”, materia prima na creación infantil. Vivencias que tanto petan na conciencia como no subconsciente e por algures abrollarán, tanto nos sonhos como nas lembranzas.

Todos os Carballido que coñezo, moitos de Padrón e máis os do Carballiño, teñen certa aura de encanto, propensos ás artes, á literatura e ademais fano con positividade e con aquela vella simpatía das xentes andadas. Saben ben onde pousar e arrimarse, onde buscar, onde hai creatividade, para tomar nota de paisaxes e *paisanaxes*. E Xesús aplica a súa Santa Liberdade como lle peta, iso si, ao servizo dos demais, mesmo sendo creador e compoñente do grupo Alecrín, como a seguir a compartir invernos, bondade creativa e rebelde cubana, entre cabalos hispanos, o multicolor *tococoro*, trobas e salsa... illa onde os sentidos petan coa inspiración. E se o Carballiño llo pide, non fallará, e rebuscando entre a memoria, argalla un cartel para a festa que sexa.

Xesús ten como irmáns, o maior a Amancio, que ben teño comprobado é escritor singular, a Chicho que segue eses mesmos pasos, neste caso de saber crear unha linguaxe artística propia, partindo de saberes tradicionais na escultura en madeira, a Mina. Mesmo velaí ao seu curmán Pepe Carballido Presas

de fonda incidencia social... Sabedores de encrucilladas polas que os Carballido se lanzan abrindo xanelas, versos de pasados e mesmo de futuros, SEICA asentados sobre algo. E detrás confluír de recendos, a tinta, a cinamomo e a incenso, con enguedellos de músicas que van de boleros a rock... Por se aínda fora pouco direi que Xesús Carballido rescata como atinado homónimo aquel vello dito carballiñés e arrieiro, quizais do barallete dos afiadores, o de “seica”, coa equivalencia a un entremeterse no pensamento do outro, a un “polo visto”, “ao parecer”, dito que reafirma e que acomoda á filosofía tan galega do intermedio, do “asegún” que diría Risco, a de que nin subimos nin baixamos, que contestamos cunha pregunta, que entre o ceo e os humanos, os de arriba e os de abaixo recorremos aos santiños ou aos caciques... os que, ademais, temos unha orde arquitectónica propia, galega: a do varal ou columna achafranada, nin curva nin cadrada. Pois velaí sempre limando, concluíndo no medio, na encrucillada, nun sabio e filosófico “seica”.

Sabendo enxergar se conforma a arte, mesmo diría a poesía visual de Xesús Carballiño, cun algo daquel saber facer de Joan Brossa. Cada obra del é un poema con verbas e versos que son obxectos que conviven en harmonía, democraticamente, que dialogan con outros para, entre lembranzas e querenzas, entregarlles liberdade ás persoas espectadoras.


A poética máis que visual, as nostalxias dos obxectos esquecidos cos que argallar parladoiros artísticos

Temos atopado a algúns creadores, poucos en Galiza, capaces de seguir esas tendencias que parten do “*objet trouve*” e “*ready made*”, se ben Carballido segue coa súa singular posta en escena e está entre os pioneiros. Neste presente atopamos o creador, mesmo diría, poeta das formas, o andaluz Pepe Cañete que coa súa “*Resurrección*” (*Discurso y diálogo en el tiempo, nuevo asedio*) recrea e coutase no seu particular mundo familiar: a Librería Cañete Melendo de Baena (Córdoba), unha desas librerías e papelerías que son universo de sensacións, as que no noso tempo se ven obrigadas a pechar por xubilación e con elas a tantas lembranzas, para gloria do gran bazar chinés. Librerías con andeis de libros, contos, novenas, cadernos multicolores, caixas de lapiseiros e bolígrafos, tinteiros, cartolinas, materia prima aberta á creatividade. Pepe Cañete rescata, resucita, non só os materiais sobrantes daquela a súa mítica librería e papelería familiar, mesmo para dende o 2010 convertela nunha obra súa, instalación interactiva, taller e singular museo do herdeiro familiar. Taxonomía de materiais, diálogo e resurrección de obxectos cotiáns, os que conformaron aquela librería, mesmo andeis e caixas, convivencia de obxectos industriais, de mercancías que agora e pola man do artista pasan a ser materia prima para provocar novas sensacións nas persoas espectadoras.

Volvendo a Xesús Carballido diremos que tanto pode rescatar, cando xa estaba disposta para o lume, unha vella letra bancaria, a que quizais pasou polo notario e causou tantos crebacabezas, para agora, na panoplia do artista convivir, pegada, cosida ou arrimada a un pasquín de cine ou a

unha diana para unha escopeta de balíns... entre botóns cosidos, rescatados dunha mercería en liquidación... Tan capaz de illar nun marco unha vella percha para espetarlle derriba un paxariño de latón ou un crucifixo en diálogo cun lacerado xogador de chumbo dun gastado fútbol... poemas de lembranzas nos que latexa o surrealismo que nos leva a cavilar no xenial Uxío Granell, con orixe na astorgana fábrica de chocolates do seu apelido, andado mestre co que Carballido, entre pescudas, tratou, dialogou, trabou amizade e admiración, e atopou unha veterana alma xemelga.

Carballido é produtor de formas de intensa e repartida obra, premiada tamén e que non deixa indiferente en mostras, autor do “Muntem”, nome co que el mesmo bautizou a ese monte de placas de cobre, mapamundi, que ten como cima un nostálxico cata-ventos carbaliñés. Referímonos ao Monumento ao Emigrante que centra o antigo campo da feira do Carbaliño, dende o Nadal do 2003. Hai na obra de Xesús Carballido “Seica” unha mensaxe esotérica e exotérica, como labiríntico taboleiro máxico, de ouija, onde se barallan lembranzas para meternos noutro xeito de credo, de creación, dentro da espiral eterna e mística da Arte, carbaliñesa, galega e universal.







SEICA M.134:

DELI CONSA EN CAIXA DE IMPRENTA

2025

Caixa

57 x 80,5 x 4,5 cm



SEICA 76:
CAIXA 1318
 2021
 Caixa
 44 x 50 x 5,8 cm



SEICA 540:
CAIXA CON BOLAS
2008
Caixa
30,7 x 31,7 x 8,5 cm



CAIXA PARA AUDITOR

2024

Caixa

79,5 x 48 x 5 cm



SEICA 454:
DELI CONSA EN CAIXA CON FUTBOLISTA BEN TRANQUILO
2006
Caixa
68 x 158 x 6 cm
Afundación



SEICA 337:
CAIXA VERMELLA
 2004
 Caixa
 65 x 36 x 5 cm



SEICA M.74

MA

2021

Caixa

36,9 x 21,4 x 5,3 cm



SEICA 291:
DELICONSA EN CAIXA CON SOL
2001
Caixa
50,6 x 60,6 x 8,5 cm



SEICA 42:
SAPATO
1996
Caixa
32 x 21,5 x 13,7 cm



SEICA 306:
DELICONSA EN TRÍPTICO
 2002
 Caixa
 45 x 113 x 4 cm



SEICA 303:
HOME RARO
2002
Caixa
56,7 x 42,4 x 5,5 cm



SEICA 310:
3 EN FEBRER
2002
Caixa
50,4 x 58,6 x 6,5 cm



SEICA 244:
EL TRAVIESO
2000
Caixa
16,5 x 33,5 x 22,5 cm



SEICA 72:

**FAVORITOS Nº UN, DOUS, TRES, CATRO,
CINCO... OU QUEN FOI O PRIMEIRO
CICLISTA QUE DESCUBRIU O AMAZONAS?**

1997

Caixa

30,5 x 24,2 x 4,5 cm



PEINE

1991-1992

Ensamblaxe

13,5 x 102,5 x 4 cm





SEICA 919:
BOTELLA 101
2017-2018
Técnica mixta
14 x 14 x 50 cm



MULLER
1993-1995
Técnica mixta
84 x 42 x 25 cm




PANDEIRETA CON CRAVOS

1992

Técnica mixta


Diámetro 25 cm




SEICA M.114
ALAMBRE TRANSOCEÁNICO
2024
Alambre
Diámetro 8 cm



SEICA 187:
DELI - CONSA EN CASA ALLEA
1999
Técnica mixta
70 x 62 x 37 cm



SEICA 488:
PUNTA DE PHILADELPHIA
 2008
 Punta
 8,6 x 11,6 cm



SEICA 983:
PUNTA DE SANTIAGO DE CUBA
 2019
 Punta
 8,6 x 11,6 cm



SEICA M.137:
LIQUIDACIONES
2025
Técnica mixta
25,5 x 21,8 cm



SEICA 242:
OJO AL PARCHE
2000
Técnica mixta
20,7 x 30,2 x 4 cm



SEICA 338:
A FIESTRA DAS MANCHAS
2004
Técnica mixta
12 manchas de 25 x 24 cm



SEICA 636:
PETITS COLLAGES (36 COLAXES)
 2010
 Colaxe
 59,2 x 75,2 x 3 cm

SEICA 658:
NOVE BOTÓS
2014
Colaxe
88 x 201,5 cm






SEICA M.115:
NATURA LOCUS AILALELO
2023-2024
Colaxe
3 pezas de 61,8 x 91,8 cm







SEICA 1.000:
UNIVERS SEICA
 2020
 Colaxe
 97,3 x 66,7 cm



SEICA M.101:
ESTUDIO PARA CÍRCULOS
 2023
 Colaxe
 26,7 x 23 cm



SEICA 922:
O GLOBO
 2017
 Colaxe
 64,7 x 47,7 cm



SEICA 931:
LABERINTO
 2017
 Colaxe
 48,5 x 48,5 cm

SEICA 984:

ZEPELIN SEICA (TRÍPTICO)

2018

Colaxe

2 de 71,8 x 52,7 +

1 de 71,8 x 98,3 cm





SEICA M.72:
RU
 2021
 Colaxe
 11,7 x 100,3 cm




SEICA M.88:
BURUMBA
 2022
 Colaxe
 17,1 x 17,1 cm







SEICA M.119:
ACRÓBATAS EN DIANA
 2024
 Colaxe
 54,9 x 51,7 cm



SEICA M.91
UNIVERSO CARBALLIÑES
 2022
 Técnica mixta
 17,1 x 17,1 cm



SEICA 974:
COLLAGE N° 100
 2019
 Colaxe
 36,9 x 27,1 cm




SEICA 887:
MODA SEICA
 2016
 Colaxe
 38 x 26 cm



SEICA M.35:
FALCATRUADA
 2020
 Colaxe
 14,4 x 28,2 cm



SEICA M.59:
SANTIAGO DE GALICIA
 2020
 Colaxe
 11,5 x 29 cm



SEICA 980:
12945
 2019
 Colaxe
 21,4 x 14,2 cm

SEICA 604:
CURIOSITÉS
 2009
 Colaxe
 38 x 16,8 cm





SEICA 609:
BOXING-YOYO
 2009
 Colaxe
 35,7 x 26,2 cm



SEICA M.49
BE-TE
2020
Colaxe
29 x 11,2 cm



SEICA M.61
A 15 CENTS
2020
Colaxe
28,8 x 11,4 cm



SEICA M.65
NOVEDESASEIS
2020
Colaxe
28,9 x 11,7 cm



SEICA M.79
OFENSIVA
 2021
 Colaxe
 23,5 x 11,3 cm



SEICA M.70
AS DU SOLEIL
 2020
 Colaxe
 22,6 x 11,5 cm



SEICA M.67
ENSA
 2020
 Colaxe
 23,5 x 11,3 cm



SEICA 993:
COLLAGE Nº 69
 2019
 Colaxe
 21 x 31 cm



SEICA 967:
BANCO DESPAÑA
 2018
 Colaxe
 7 colaxes de 8,1 x 4 cm



SEICA M.130
100 ZLOTYCH
 2025
 Colaxe
 21 x 14,5 cm



SEICA M.124:
O4T
 2024
 Colaxe
 31,5 x 26 cm



SEICA M.126:
LIVROS
2024
Colaxe
31,5 x 26 cm



SEICA M.125:
RAPID-DUM
 2024
 Colaxe
 2 colaxes de 27,5 x 22 cm



SEICA 646:
TREN
 2020
 Colaxe
 14,8 x 22 cm



SEICA 977:
SORPRESA NO LICEO
 2019
 Colaxe
 13,4 x 18,9 cm



SEICA 318:
COLLAGE PARA DENTISTA
 2003
 Colaxe
 15 x 23,2 cm



MICHAUX

1999

Colaxe

24,6 x 21,2 cm

Museo do Mar de Vigo



SEICA 856:
SIROP
 2018
 Colaxe
 23,2 x 33 cm



SEICA 867:
GARGANTA
 2015
 Colaxe
 21,2 x 14,2 cm



SEICA 463:
TRANSICIÓN
 2007
 Colaxe
 54 x 90 cm



**CASA DE XANTAR
O DEZASEIS**

1995

Colaxe / Debuxo

123,5 x 83 cm

SEICA 700:
ASOCIACIÓN
 2011
 Técnica mixta
 53 x 43 x 4 cm





SEICA 622:
UN COUP DE DÉS N'ABOLIDA JAMAIS LE HASARD
 2010
 Técnica mixta
 76,8 x 104,8 x 4 cm



SEICA 750:
CATRO HOMES
 2012
 Técnica mixta
 24 x 33,5 x 3 cm

SEICA 807:
PEIBÁ
 2013
 Técnica mixta
 33,5 x 24 cm






SEICA 991:
DESCRIPCIO
 2019-2024
 Técnica mixta
 30,6 x 22,6 cm

SEICA M.71
ARTESTADO
 2020
 Técnica mixta
 23,1 x 16,3 cm





SEICA M.92
ORIENTACIÓN
 2022
 Técnica mixta
 16,5 x 24,8 cm

SEICA 868:
BOTÓN
2015
Técnica mixta
21 x 15,5 cm





SEICA 886:
SACO
 2016
 Técnica mixta
 87,5 x 61 cm



SEICA M. 18:
HOMIÑO
2020
Colaxe
Diámetro 12,3 cm

SEICA M.33:
PAÍSAXE CON CASAS
 2020
 Colaxe
 Diámetro 12,3 cm



SEICA M.23:
DOUS NO XELO
 2020
 Colaxe
 Diámetro 12,3 cm



SEICA M.26:
HOME CON PEDRA
 2020
 Colaxe
 Diámetro 12,3 cm

SEICA M.37
ENAMORADOS
 2020
 Colaxe
 Diámetro 12,3 cm



SEICA M.17:
GALOPE
 2020
 Colaxe
 Diámetro 12,3 cm



SEICA M.27:
CINCO
 2020
 Colaxe
 Diámetro 12,3 cm

SEICA M.121:
EQUILIBRISTA N° 1
 2024
 Colaxe
 Diámetro 12 cm



SEICA M.122:
EQUILIBRISTA N° 2
 2024
 Colaxe
 Diámetro 12 cm



SEICA M.123:
EQUILIBRISTA N° 3
 2024
 Colaxe
 Diámetro 12 cm



SEICA M.58:
CISA
2020
Colaxe
Diámetro 13,7 cm

SEICA M.40:
**CABALO, BARCOS,
 GUERREIROS**
 2020
 Colaxe
 Diámetro 13,7 cm



SEICA M.22:
XELO
 2020
 Colaxe
 Diámetro 13,7 cm



SEICL M.31:
COCHE CON DOUS CABALO
 2020
 Colaxe
 Diámetro 15,7 cm

SEICA M.53:
HORIZONTE
 2020
 Colaxe
 Diámetro 15,9 cm



SEICA M.55:
RAPACES XOGANDO
 2020
 Colaxe
 Diámetro 15,8 cm



SEICA 944:
COLLAGE Nº 11
 2018
 Colaxe
 Diámetro 10,6 cm



SEICA 926:
MULLER E VOLCÁN
2017
Colaxe
Diámetro 14,3 cm




SEICA M.93:
CREACIÓN
 2022
 Colaxe
 Diámetro 19,4 cm

SEICA M.84:
COLAXE PARA CATIVOS
2022
Colaxe
67'5 x 47 cm





SEICA 1:
HELMA FISCHER
1995
Ensamblaxe
46,8 x 30,2 cm



SEICA 358:
FANTASTIC
 2005
 Técnica mixta
 11,2 x 23,6 cm




SEICA 230:
**UN HOME NA
 CASA DA TROVA
 EN BARACOA**
 2000
 Técnica mixta
 16,3 x 11,9 cm

SEICA 24:
AUTORETRATO
1995
Técnica mixta
36,5 x 22 cm




SEICA 233:
**UN HOME AXUDÁNDOSE
A SI MESMO**
2000
Debuxo
28 x 20,8 cm





SEICA 905:
OS XEMELGOS
 2017
 Debuxo
 19 x 23,8 cm



SEICA 979:
CABEZA DE HOME SEPIA
2019
Debuxo
16,5 x 24,9 cm



SEICA 206:

UPA!

1998

Debuxo licor-café

24 x 20,5 cm

SEICA M.108:
FARO SEICA
2023
CARTEL
45 x 31 cm



Textos en castellano



Prólogo

Inés Rey

Alcaldesa de A Coruña

Desde el Ayuntamiento de A Coruña saludamos con orgullo el recorrido de la exposición *Seica* en A Coruña, de Xesús Carballido, con la publicación de este catálogo que la acompaña, en el Kiosco Alfonso espacio pionero para el arte en nuestra ciudad.

Xesús Carballido muestra con claridad su tradición y su camino desde ella hacia la contemporaneidad, siguiendo la estela de Díaz Pardo. Heredero de una tradición artesanal y simbólica fundamental, la del interior gallego, comparte con el grandísimo escultor de su tierra, Arturo Baltar, y con los artistas de la vecina Portugal por la *raia seca*, la capacidad de crear joyas en el tamaño justo para poder hacerlas innumerables, de transformar lo que cabe en una mano en algo universal. Consciente de que en las cosas de tamaño justo brota la gran belleza, huye del exceso y del ruido tan contagiados por el arte contemporáneo, sabiendo que la verdad estética no necesita de la escala monumental.

Si leemos a la británica Susan Stewart en su clásico *On Longing*, “el miniaturista siente un placer particular: el de hacerse íntimo y poderoso a pequeña escala”. Pero Carballido encarna esa sabiduría de la medida, de la precisión y de la memoria con una profusión que las integra. Su trabajo —hecho de objetos, fragmentos, etiquetas, hierros, conchas, tipografías antiguas y hallazgos humildes— es un ejercicio de arqueología poética. Cada pieza es una historia rescatada, un diálogo entre el tiempo y la mano, entre lo que desaparece y lo que persiste.

Los espacios expositivos contemporáneos no deben ser solo vitrinas, sino plataformas de reflexión crítica y de proceso compartido. Nuestro Kiosco Alfonso, primero entre los primeros por historia y trayectoria, confirma esa visión: las audiencias no son pasivas, sino parte del discurso, cómplices de la mirada. Y como nos recuerdan los trabajadores de nuestro espacio expositivo con motivo de esta muestra, el público se detiene largamente ante cada uno de los collages de objetos, escudriñando su materia y su emoción. “El artista auténtico es aquel que lleva dentro la memoria profunda de su pueblo, el sello de lo común”, decía el poeta. Esa idea también late en *Seica*: el arte como herencia y revelación, como forma de reconocernos en lo que fuimos y en lo que seguimos siendo.

Seica —esa palabra tan nuestra, que contiene duda, recuerdo y posibilidad— nos invita a explorar lo íntimo, lo fragmentario, lo misterioso. La exposición ofrece una experiencia de contemplación activa, de descubrimiento y reconocimiento, donde la materia se convierte en pensamiento y el arte devuelve humanidad al objeto.

Que este *Seica* sea una invitación a mirar de nuevo, a redescubrir la belleza de lo mínimo y la emoción de la materia. Porque en las manos de Xesús Carballido, lo concreto se convierte en esencial, y lo esencial, en eterno.

A Coruña reafirma así su voluntad de ser también un lugar de encuentro, creación y pensamiento: ciudad atlántica, abierta al arte y a la contemporaneidad, en la eterna búsqueda y asunción de ser la capital cultural de la Galicia del futuro, de la cual este proyecto es testimonio y símbolo.



Seica en A Coruña

Marta Lucio Gómez

Comisaria da exposición

“SEICA”, como siempre nombra Carballido a sus muestras, está conformada por casi un centenar de piezas, en su mayoría collages, la especialidad del autor, pero también hay ensamblajes y otros objetos.

En esta, como en otras exposiciones individuales y colectivas del autor, se aprecia su gusto por el uso de pequeños objetos para crear su obra, desde tipos de imprenta hasta hierro forjado o conchas, sin olvidar etiquetas de productos comerciales, entre otros elementos. En su proceso creativo toma de muchos lugares, de diferentes técnicas, de cosas que encuentra, de un libro que cae en sus manos... Una vez descubierto el punto de partida de una obra, el artista entra en el collage con una idea, pero luego evoluciona hacia otros mundos, hacia lo que la propia obra le va pidiendo.

En ese sentido, el artista trabaja con un lenguaje profundamente personal, recuperando objetos de la vida cotidiana para integrarlos y componer de manera equilibrada una nueva obra de arte. Se trata de objetos que dejaron de utilizarse, que ya no tienen utilidad, y que adquieren nuevamente vida propia dentro de la pieza, evocando recuerdos e ideas.

La muestra se compone de un centenar de obras del artista, entre las que se encuentran series de temática variada. Pretende con ella hacer una selección de su trayectoria artística y personal. Son fruto de toda una vida dedicada a las artes y por la que pasaron cientos, miles de objetos y documentos en los que vio un “algo”, una “parte”, sustancia para conformar o crear una obra de arte. Son el reflejo de una sensibilidad, de una perspectiva única, de un artista único y distinto.

Xesús Carballido. Esa otra arte o poética de construir, pegar o coser memoria

Felipe Senén

El Arte nunca muere, mueren los artistas. La capacidad creadora del ser humano no tiene fronteras: recrea o rompe sobre lo ya vivido. Quizás porque quien cree, crea, hace y deshace, abre y cierra caminos. Y en todo ese hacer, ese juego —incluso adentrándose en el laberinto barroco de Galicia— hay un poso, una semilla, una raíz de origen, justo donde reside la originalidad que distingue a este nuestro “Cabodomundo” frente al creciente avance de la uniformidad global.

No pensemos que existe una única idea de Arte, pues el concepto evoluciona y se teoriza con el tiempo: desde aquella visión clásica que lo define como armonía, como relación entre cada parte y el conjunto... arte del canon, del vínculo con el contexto, frente a aquella otra teoría de los creadores o provocadores dadaístas de los convulsos años 20, cuando confluyen tantos “ismos” y se proclamaba que “el arte es mierda, mercancía de droguería para los burgueses...”

Como base para lo que aquí nos convoca, diremos que entre aquellos principios rupturistas y provocadores del dadaísmo encontramos figuras como Marcel Duchamp, Man Ray, Joseph Beuys del movimiento Fluxus: creadores de formas que se caracterizan por descontextualizar, reutilizar objetos o papeles para

reunirlos en un nuevo diálogo, en el collage. Así surge la sintaxis poética de los mensajes de Kurt Schwitters, que recurre a desperdicios industriales, cuestionando y rompiendo las viejas formas de crear, mirar y sentir el Arte. Creadores que desafían el valor estético y comercial del Arte basado en una idea limitada de belleza, y lo hacen mediante montajes singulares, pequeñas o grandes instalaciones e intervenciones entre el “objet trouvé” y el “ready-made”.

Conviene quitarse las orejeras, olvidar las habilidades artesanales, las técnicas del dibujo, de la escultura, lo aprendido en las academias, todo lo que ha valido y sigue valiendo... hay otros caminos. Conviene, por tanto, conocer y mirar otras teorías, y empezar a valorar la acción creadora en sí misma, la singularidad, el don del espíritu o la poética, el aura que envuelve lo creado, los mensajes del corazón que la razón no entiende, la incidencia en el transcurrir del espacio y del tiempo.

Con esos principios, miramos —es decir, ponemos los cinco sentidos, más la intuición y lo que vamos aprendiendo para relativizar y concluir— en torno a la creación del carballiñés Xesús Carballido, a su trayectoria, y lo hacemos basándonos en aquel tan repetido principio, tan cristiano como marxista, de que por sus obras lo conoceremos. Su obra es una conjunción de fragmentos de arqueologías, de artefactos de anticuario, del universo del papel, de escripofilia, vitolfilia, filatelia... para sus composiciones camp, recreando sobre pasados para futuros, como ensartando versos en un poema que nos permite llegar al espíritu de su creador, de su tiempo y de su sociedad.

Xesús Carballido Cibeira nace cuando The Beatles y los Rolling Stones siguen rompiendo viejos criterios musicales y de moda, cuando el cine vive su apoteosis, cuando Picasso y los ismos se disparan y ponen a prueba la libertad creadora del ser humano, y en un Carballiño en obras, entre pasados rurales y futuros urbanos. Una villa que huele a chocolate y rosquilla, donde el reloj de la plaza, las campanas de las iglesias y el reloj de cuco del balneario marcan las horas. En España, eran los años del miedo, de la censura, del nacionalcatolicismo, de la dictadura franquista, de El Florido Pensil, de la Gran Enciclopedia Ilustrada Álvarez, de catecismos, de misas y rosarios al amanecer, y de un bollo de pan caliente con una onza de chocolate... de barcos que desde Vigo o La Coruña llevaban gente a las Américas, o de estaciones entonces flamantes que llenaban trenes cargados de juventud y humildes maletas de cartón rumbo al centro de Europa. También en el Carballiño de la Calle Mayor, donde abrían sus puertas ferreterías, mercerías, boticas, librerías y se organizaban ferias que estimulaban los sentidos, había buenos colegios: el Grupo Escolar, las Sollas, el Campos, el femenino de las Franciscanas, y en expansión el Corral, con el imperial nombre de Isabel la Católica. Colegio este con logotipo creado por mi padre, Felipe-Luis, que además fue profesor de dibujo y que, entre tantos y diversos creadores de hoy, tuvo como alumno a Xesús Carballido: letras con Y uncial coronada de Isabel y una S como banda de Non Plus Ultra cruzada. Vida, acontecimientos, gestos, objetos, formas que dejan huella, arqueologías que serán recogidas, articuladas y tratadas como versos sueltos... para que el espectador las contemple y reflexione.

Divisar alrededor de un mostrador y resucitar la memoria.

Xesús Carballido, como muchos del Carballiño, sabe lo que es aprender tanto en un pupitre como detrás de un mostrador, del esfuerzo para pagar los estudios, las letras, para vivir... Él es de la frutería de Elisita Cibeira, palabras mayores, abierta en esa Calle Mayor, junto al ir y venir del Café Sobrino. Bien organizado aquel espacio, entre cajas de manzanas rojas y doradas, de pávias, racimos de uvas y plátanos... Mostrador presidido por la báscula Berkel, símbolo también de legalidad, entre tarros de vidrio con caramelos de todos los colores y sabores, estantes con botellas de Licor 43, quina Santa Catalina y cajas de galletas... aroma a canela... El espacio contaba además con un rincón aprovechado del negocio, con una mesa, un taburete y una mujer ante una sencilla máquina que, con su *trqtriqtriqtriq*, tomaba los puntos a las medias de las señoras... He ahí un universo inspirador para quien tiene y usa los sentidos. Siempre hay, en algún lugar, un arpa olvidada que espera al arpista capaz de tocarla y emocionar. Y los Carballido Cibeira la tenían bien a mano, en casa y en la Vilaviva.

Y no queda la cosa solo por la rama materna, también se extiende a la parte del padre: Amancio Carballido, apellido esencial en el Carballiño del afán y del trabajo, señores de aserradero, de abuelo bigotudo, patriarca, con fábrica de maderas, vecino entonces de las oficinas de Correos y de Calviño, este con olor a lacre... junto a la nave de carrocías Piñeiro, todo un universo... el aserradero de los Carballido, en cuyos alrededores cada día se levantaban al cielo efímeras y bien tramadas torres de tablas de madera, que incluso

competían en altura con la cercana Veracruz, entonces en obras. Era aquel el mundo de barrotes, de virutas de madera y del tan solicitado serrín, materia prima de la creación infantil. Vivencias que golpean tanto la conciencia como el subconsciente, y que brotan, tanto en sueños como en recuerdos.

Todos los Carballido que conozco, muchos de Padrón y otros del Carballiño, tienen cierta aura de encanto, inclinados hacia las artes, hacia la literatura, y lo hacen con positividad y con esa vieja simpatía de la gente curtida. Saben bien dónde posar y acercarse, dónde buscar, dónde hay creatividad, para tomar nota de paisajes y paisanajes. Y Xesús aplica su Santa Libertad como le viene en gana, eso sí, al servicio de los demás, siendo incluso creador y miembro del grupo Alecrín, compartiendo inviernos, bondad creativa y rebeldía cubana, entre caballos hispanos, el multicolor tocororo, trobas y salsa... isla donde los sentidos chocan con la inspiración. Y si el Carballiño lo pide, no falla: rebuscando entre la memoria, construye un cartel para la fiesta que sea.

Xesús tiene como hermanos a Amancio, el mayor, que he comprobado es un escritor singular; a Chicho, que sigue esos mismos pasos, en este caso sabiendo crear un lenguaje artístico propio, partiendo de saberes tradicionales en la escultura en madera; y a Mina. Incluso está su primo Pepe Carballido Presas, de honda incidencia social... Sabedores de encrucijadas por las que los Carballido se lanzan abriendo ventanas, versos de pasados y también de futuros, “SEICA” asentados sobre algo. Y detrás, confluyen aromas: tinta, cinamomo e incienso, con fragmentos de músicas que van de boleros a rock...

Por si fuera poco, Xesús Carballido rescata como acertado homónimo aquel viejo dicho carballinés y arriero, quizás del barallete de los afiladores, el “seica”, equivalente a entrometerse en el pensamiento del otro, a un “por lo visto”, “al parecer”, dicho que reafirma y se acomoda a la filosofía tan gallega del intermedio, del “asegún” que diría Risco: esa forma de estar sin subir ni bajar, de responder con una pregunta, de transitar entre el cielo y los humanos, entre los de arriba y los de abajo, recurriendo a los “santiños” o a los caciques...

Los que, además, tenemos un orden arquitectónico propio, gallego: el del varal o columna achafanada, ni curva ni cuadrada. Siempre limando, concluyendo en el medio, en la encrucijada, en un sabio y filosófico “seica”.

Sabiendo mirar se conforma el arte, incluso diría la poesía visual de Xesús Carballido, con algo de aquel saber hacer de Joan Brossa. Cada obra suya es un poema con palabras y versos que son objetos que conviven en armonía, democráticamente, que dialogan con otros para, entre recuerdos y querencias, entregar libertad al espectador.

La poética, más que visual, es nostalgia de los objetos olvidados con los que construir espacios de conversación artística.

Hemos encontrado a algunos creadores, pocos en Galicia, capaces de seguir esas tendencias que parten del “*objet trouvé*” y el “*ready made*”, aunque Carballido mantiene su singular puesta en escena y está entre los pioneros. En este presente encontramos al crea-

dor —incluso diría poeta de las formas— el andaluz Pepe Cañete, que con su “*Resurrección*” (*Discurso y diálogo en el tiempo, nuevo asedio*) recrea y se inserta en su particular mundo familiar: la Librería Cañete Melendo de Baena (Córdoba), una de esas librerías y papelerías que son universos de sensaciones, que hoy se ven obligadas a cerrar por jubilación, llevándose consigo tantas memorias, para gloria del gran bazar chino. Librerías con estantes de libros, cuentos, novenas, cuadernos multicolores, cajas de lápices y bolígrafos, tinteros, cartulinas... materia prima abierta a la creatividad. Pepe Cañete rescata, resucita no solo los materiales sobrantes de aquella mítica librería y papelería familiar, sino que desde 2010 la convierte en una obra propia: instalación interactiva, taller y singular museo del heredero familiar. Taxonomía de materiales, diálogo y resurrección de objetos cotidianos, los que conformaron aquella librería, incluso estantes y cajas, convivencia de objetos industriales, de mercancías que ahora, por la mano del artista, pasan a ser materia prima para provocar nuevas sensaciones en el espectador.

Volviendo a Xesús Carballido, diremos que puede rescatar, cuando ya estaba destinada al fuego, una vieja letra bancaria, que quizás pasó por el notario y causó tantos quebraderos de cabeza, para ahora, en la panoplia del artista, convivir, pegada, cosida o arimada a un pasquín de cine o a una diana para una escopeta de balines... entre botones cosidos, rescatados de una mercería en liquidación... Tan capaz de aislar en un marco una vieja percha para clavarle encima un pajarito de latón o un crucifijo en diálogo con un

jugador de plomo de un gastado fútbol... poemas de recuerdos en los que late el surrealismo que nos lleva a pensar en el genial Uxío Granell, con origen en la astorgana fábrica de chocolates de su apellido, maestro con quien Carballido, entre pesquisas, trató, dialogó, trabó amistad y admiración, encontrando una veterana alma gemela.

Carballido es productor de formas, de obra intensa y repartida, también premiada, que no deja indiferente en exposiciones. Autor del “Muntem”, nombre con el que él mismo bautizó a ese monte de placas de cobre, mapamundi, que tiene como cima una nostálgica veleta carballiñesa. Nos referimos al Monumento al Emigrante que preside el antiguo campo de la feria del Carballiño desde la Navidad de 2003. Hay en la obra de Xesús Carballido, “SEICA”, un mensaje esotérico y exotérico, como un laberíntico tablero mágico, de ouija, donde se barajan recuerdos para introducirnos en otra forma de credo, de creación, dentro de la espiral eterna y mística del Arte: carballiñesa, gallega y universal.





Concello da Coruña